

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE CARÁCTER XERAL DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DESTINADAS AO ALOXAMENTO DOS ESTUDANTES PARA O CURSO 2018-2019

Mediante a presente convocatoria, a Universidade da Coruña, co obxectivo de promover a igualdade de oportunidades no ámbito da educación universitaria, así como mellorar a captación de alumnado, implementa, con cargo aos seus fondos propios, unha liña de bolsas públicas ao aloxamento dos seus estudantes durante o curso 2018-2019, consonte ás seguintes bases:

BASES

1ª.- SOLICITANTES

Poderá solicitar a bolsa de aloxamento o estudantado que estea matriculado no curso académico 2018-2019 na Universidade da Coruña en estudos conducentes á obtención dun título oficial de Grao, Máster ou Programa de Doutoramento universitario oficial. Non se terán en conta os créditos validados, adaptados ou recoñecidos para os efectos académicos destas bolsas.

Poderá ser beneficiario desta bolsa o estudantado que curse estudos en réxime presencial e de matrícula a tempo completo. Ademais o estudantado solicitante debe acreditar a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante todo o curso, por razón de distancia entre o mesmo e o centro universitario, os medios de comunicación e os horarios lectivos. Para estes efectos considerárase domicilio familiar o máis próximo ao centro universitario que pertenza ou no que resida de forma habitual algún membro computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal do solicitante.

2ª.- ORZAMENTO E CONTÍA DAS BOLSAS

Para a concesión destas bolsas a UDC destinará un **total de 114.750€** con cargo á partida orzamentaria 0300030025.422D.48000; con cargo ao orzamento para o ano 2018 polo importe máximo de 51.000€ e con cargo ao orzamento de 2019 polo importe máximo de 63.750€. Este importe pode ser variado en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Concederanse **170 bolsas cun importe máximo de 675,00€** consonte a xustificación dos meses de alugueiro (piso ou residencia privada), sendo condición necesaria que o alumno aboe un mínimo de 8 meses.

3ª.- SOLICITUDE. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes deberán cumprimentarse a través da aplicación informática a que se accede dende: <https://aplicacions.sic.udc.es/SolicitudResidencias>

Unha vez cumprimentada a solicitude deberá ser impresa e asinada pola persoa solicitante e polos demais membros computables da familia.

Deberá presentarse, xunto coa documentación esixida nos Anexos I e II en:

- A Coruña: Sección de Bolsas no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)
- Ferrol: SAPE no Edificio de Apoio ao Estudo (campus de Esteiro)
- Ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo de presentación será dende o día seguinte á publicación desta convocatoria na sede electrónica (TEO) da Universidade da Coruña ata o 11 de xaneiro de 2019, en horario de 9 a 14 horas.

4ª.- EXCLUSIÓNS

Non serán admitidas as persoas solicitantes que non cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria e ademais:

- a) O alumnado con praza concedida nas Residencias Públicas Universitarias da Coruña e de Ferrol, no presente curso 2018-2019
- b) Para o alumnado matriculado nos centros universitarios localizados nos Campus da Coruña, como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no termo municipal da Coruña ou na súa área metropolitana que comprende os concellos de: A Laracha, Carballo, Betanzos, Oza-Cesuras, Miño, Curtis, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Bergondo, Sada, Abegondo, Carral, Cerceda e Ordes.
- c) Para o alumnado matriculado nos centros universitarios localizados nos campus de Ferrol, como regra xeral, quen tiver o domicilio familiar no municipio de Ferrol ou na área metropolitana de este, que comprende os concellos de Miño, Cabanas, Pontedeume, Fene, Narón, Valdoviño, Neda, Ares, Mugardos e Cedeira.
- d) Esta bolsa será incompatible coa que reciba o alumnado beneficiario dunha axuda ao transporte ao abeiro dos convenios asinados entre a UDC e os Concellos de Ferrol e Narón.
- e) Será así mesmo preciso que a persoa beneficiaria non estea en posesión ou non reúna os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que se solicita esta axuda.
- f) Esta bolsa é incompatible coa “**concesión da contía fixa ligada a residencia**” da Convocatoria de Bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP), así como con calquera outra axuda ou bolsa que teña a mesma finalidade.
- g) Para os estudiantado de Doutoramento, esta bolsa é incompatible con calquera bolsa/axuda ou contrato con cargo a un proxecto de investigación.
- h) Non se concederá esta bolsa cando se superen os límites de patrimonio familiar marcados polo Real Decreto 951/2018, do 27 de xullo, polo que se establecen os límites de renda e patrimonio para o curso 2018-2019 para as bolsas e axudas do Ministerio de Presidencia, Relación coas Cortes e Igualdade (BOE núm. 185 do 1 de agosto), nin cando a renda persoal dispoñible supere os 13.500€.
- i) Aquel alumnado que no curso 2018-2019 estea de ERASMUS ou nun programa de Intercambio ou convenio bilateral.
- j) No caso de que a persoa solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, non poderá optar a esta bolsa xa que se considera como residencia do estudante a que vive durante o curso.

5ª.- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes serán avaliadas pola Comisión de Extensión Universitaria, delegada do Consello de Goberno que figura na ligazón:

https://www.udc.es/gl/goberno/organos_colexiados_e_estatutarios/consello_goberno/

Unha vez que remate o proceso de avaliación de solicitudes publicarase a relación provisional de persoas adxudicatarias, así como a relación de solicitudes excluídas, xunto coa causa que implica a súa exclusión e a listaxe de agarda se a houber.

As persoas interesadas disporán dun prazo de sete días hábiles para achegaren a documentación que permita emendar os erros que se apreciaren.

A Comisión de Extensión Universitaria elevará ao reitor a proposta de resolución que incluírá as relacións definitivas, a listaxe de agarda se a houber, e as solicitudes excluídas. A resolución reitoral da convocatoria esgotará a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer un recurso de reposición no prazo dun mes, segundo establece os artigos 123 e

124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Todas as listaxes serán publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

Para os solicitantes de bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional, non se resolverá a súa bolsa de aloxamento ate saber se lle conceden ou non o *compoñente de residencia na bolsa do MEFP*.

No caso de serlle concedida a bolsa de aloxamento, a persoa adxudicataria deberá presentar copia do contrato de aluguer fóra do domicilio familiar (piso, residencia privada), así como os xustificantes de pagamento das mensualidades en:

- d) A Coruña: Sección de Bolsas no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)
- e) Ferrol: SAPE no Edificio de Apoio ao Estudo (campus de Esteiro)

6ª MODO DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Esta bolsa aboarase en dous prazos mediante transferencia á conta bancaria que sinale o/a alumno/a na súa solicitude, e da que deberá ser titular ou cotitular.

O primeiro pagamento farase con cargo os orzamentos da Universidade do ano 2018 por un importe máximo de 51.000 € (300€ por alumno/a que corresponde a catro meses).

Para facelo efectivo o alumnado deberá xustificar o gasto presentando o contrato de aluguer de piso/residencia privada, así como os recibos do pagamento dos catro meses de 2018 (setembro, outubro, novembro e decembro), no prazo de dez días hábiles dende a publicación da resolución definitiva da convocatoria en:

- a) A Coruña: Sección de Bolsas no Pavillón de Estudantes (campus de Elviña)
- b) Ferrol: SAPE no Edificio de Apoio ao Estudo (campus de Esteiro)
- c) Ou por calquera dos procedementos establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

No caso de que o alumnado xustifique 3 meses ou menos de aluguer, a contía diminuírase na proporción debida.

Para poder facer efectivo o segundo pagamento, terán que presentar os recibos que xustifiquen o aboamento do resto de mensualidades, nas mesmas oficinas indicadas no apartado anterior, antes do 10 de maio de 2019, e que ascende a 63.750€ (375€ por alumno/a).

7ª.- PERDA DO DEREITO Á BOLSA

A falta de destino da bolsa á finalidade para a que foi concedida dará lugar a súa revogación.

Entenderase que non se ten destinado a bolsa á finalidade para a que foi concedida, cando as persoas adxudicatarias teñan incorrido nalgunha das situacións seguintes:

- Ter anulado ou suspendida a matrícula
- Ter realizado unha modificación de matrícula que implique non estar matriculado a tempo completo.

8ª.- AUTORIZACIÓN PARA OBTEN DATOS DA AXENCIA TRIBUTARIA

A presentación da solicitude de bolsa de aloxamento implicará a autorización á Universidade da Coruña para obter e verificar, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos precisos para determinar a renda familiar dos membros computables da familia da persoa solicitante, así como aquelas outras situacións acreditativas das situacións persoais

alegadas e que estean en poder dalgunha administración pública, para os efectos de obter axuda de aloxamento na UDC.

Para iso é imprescindible que as solicitudes sexan asinadas por todos os membros computables da familia.

9ª.- RÉXIME XURÍDICO DA PRESENTE CONVOCATORIA

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación supletoria o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia (DOG nº 21, do 25 de xuño) e no seu regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (DOG nº 20, do 29 de xaneiro do 2009).

As bolsas obxecto da presente convocatoria estarán exentas do IRPF nos termos previstos polo artigo 7 j) da Lei reguladora do Imposto da Renda das Persoas Físicas e o artigo 2 do seu regulamento de execución (Real Decreto 439/2007, do 30 de marzo).

Aplicarase así mesmo como lexislación supletoria o Real Decreto 1721/2007 do 21 de decembro polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, o Real Decreto 951/2018, do 27 de xullo polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2018-2019 e a Resolución da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional pola que se convocan bolsas de carácter xeral para o curso académico 2018-2019 (BOE núm. 198 do 16 de agosto)

10ª.- PROTECCIÓN DE DATOS

De acordo co que está previsto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos solicitados nesta convocatoria son necesarios para a tramitación da solicitude e poderán ser obxecto de tratamento automatizado.

Segundo o artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, vostede ten dereito a lle solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a se opoñer ao devandito tratamento, así como a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Poderá exercer estes dereitos por medio dunha solicitude remitida ao seguinte enderezo: R/ Maestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto xunto cunha fotocopia do seu DNI.

Tamén poderá dirixir a solicitude directamente ao delegado de protección de datos cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10-1ºesq., 15004 A Coruña (España), teléfono: 981227076, correo-e dpd@udc.gal

11ª.- DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presente convocatoria e os sucesivos actos do procedemento de concesión cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicadas no taboleiro electrónico oficial da Universidade da Coruña.

A Coruña, 13 de decembro de 2018

O reitor

Julio E. Abalde Alonso

ANEXO I

REQUISITOS PARA SOLICITAR A BOLSA

Como regra xeral, a bolsa de aloxamento destinarase exclusivamente a aquel estudiantado con matrícula oficial a tempo completo, en réxime presencial e que resida fóra do domicilio familiar durante o curso. Para estes efectos considerárase como domicilio familiar o máis próximo ao centro docente aínda que non coincida co domicilio legal.

Para a adxudicación desta bolsa requírirase que a persoa solicitante acredite que, por razón da distancia do domicilio familiar ao centro docente e os medios de comunicación existentes, ten que residir fóra do domicilio familiar durante o curso.

REQUISITOS PARA PERSOAS SOLICITANTES DE NOVA ADMISIÓN DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO OFICIAL

Estes solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

Estar matriculado/a na Universidade da Coruña no curso 2018-2019 nalgún grao ou ben nun máster universitario oficial, en réxime presencial e a tempo completo.

O estudiantado que acceda por primeira vez a estudos universitarios mediante a ABAU deberá ter nas mesmas unha cualificación igual ou superior a 5 excluindo a nota da fase específica.

No caso do alumnado que acceda por primeira vez a estudos universitarios sen ABAU deberá de ter un 5 de nota media nos estudos que lle dean acceso á universidade.

O resto do estudiantado (grao e máster universitario oficial) deberán ter como mínimo a media seguinte:

- En estudos de ensino técnico: 3,5
- Nos restantes estudos universitarios e superiores: 4
En todos os casos a puntuación académica será en base 10 e estará referida sempre ata a convocatoria de xuño de 2018.

Para o cálculo da nota media en base 10 se aplicarán as seguintes regras:

1.- As cualificacións computaranse de acordo co seguinte baremo:

- a) Mención de matrícula de honra (Sobresaínte e Mención) = 10 puntos
- b) Sobresaínte (entre 9 e 10 puntos) = 9 puntos
- c) Notable (entre 7 e 8,9 puntos) = 7,5
- d) Aprobado ou apto (entre 5 e 6,9 puntos) = 5,5
- e) Suspenso, Non presentado, renuncia, anula convocatoria = 2,5 puntos

2.-Cando se trate de planos de estudo organizados en materias, a nota media calcularase dividindo o total dos puntos obtidos entre o número total de materias.

3.-Cando se trate de planos de estudo organizados en créditos, a puntuación que resulta de aplicar o baremo anterior a cada materia ponderarase en función do número de créditos que a integren de acordo coa seguinte fórmula:

$$V = \frac{P \times NC_a}{NC_t}$$

V= valor resultante da ponderación da nota media obtida en cada materia

P= puntuación de cada materia segundo o baremo do apartado anterior

NCa= número de créditos que integran a materia

NCt= número de créditos cursados e que teñen a consideración de computables nesta convocatoria.

Os valores resultantes da aplicación da citada fórmula sumaranse, sendo o resultado a nota media final.

No caso de non estaren matriculados no curso 2017-2018, os requisitos académicos esixiránselles respecto ao último curso realizado.

REQUISITOS PARA PERSOAS SOLICITANTES DE DOUTORAMENTO

Poderán ser admitidas a trámite as solicitudes de estudantes de doutoramento, para os efectos desta convocatoria:

- O estudiantado que estea matriculado nun Programa Oficial de Doutoramento no curso 2018-2019, a tempo completo.
- O estudiantado que estea matriculado no segundo ou terceiro ano da fase de elaboración de tese de doutoramento, deberá presentar o informe de rendemento positivo do director da tese ou a avaliación correspondente de investigación para o alumnado ao que lle sexa de aplicación o RD 99/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento.

ANEXO II

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACHEGAR COAS SOLICITUDES

I.- DOCUMENTACIÓN XERAL

- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da familia maiores de 14 anos e menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar a 31.12.2017. No caso de seren menores de 14 anos, se non teñen o DNI, copia do libro de familia.
- Certificado de convivencia conxunto e actualizado, do Concello, no que figuren todos os membros que vivan no domicilio familiar, incluída a persoa solicitante.
- Certificado da entidade bancaria co IBAN da conta da que a persoa solicitante sexa titular/cotitular.
- As persoas con discapacidade: certificado orixinal cualificación da discapacidade.

II.- DOCUMENTACIÓN ACADÉMICA

- O estudantado que se incorpore por primeira vez á Universidade da Coruña deberá achegar o documento acreditativo da cualificación final obtida nas ABAU (copia tarxeta).
- O estudantado que proceda dun Ciclo Superior de Formación Profesional deberá achegar certificación académica persoal dos estudos que lle deron acceso á Universidade.
- O estudantado de grao ou mestrado universitario oficial que no curso 2017-2018 estivese matriculado nunha universidade distinta á UDC, deberá presentar unha certificación académica dos estudos realizados.
- O estudantado de doutoramento que acceda por primeira vez a un programa de doutoramento, deberá presentar unha certificación académica das cualificacións obtidas nas titulacións que lle deron acceso ao dito programa, no caso de que non as cursaran na UDC. No caso de estar realizando os cursos, e non ser alumno da UDC nos anos anteriores, certificación das cualificacións obtidas.

III.- DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA ESPECÍFICA

A Universidade de acordo co punto 8º da convocatoria solicitará ás administracións tributarias os datos necesarios para determinar a renda familiar dos membros computables da familia da persoa solicitante, polo que non haberá que achegar documentación económica agás nas situacións e casos que de seguido se enumeran:

- a) Se a solicitude de bolsa é formulada por persoas que formen parte de unidades familiares nas que as administracións tributarias non dispoñan de datos, será a persoa solicitante quen debe aportar información fidedigna sobre a situación económica de renda e patrimonio da súa unidade familiar: fotocopia do certificado anual de calquera tipo de ingresos percibidos no ano 2017 (traballo, pensións, rendementos capital mobiliario, etc.) onde figuren as retencións do IRPF e as cotizacións a Seguridade Social dos membros computables que non fan a declaración da renda; certificado de vida laboral dos membros computables que non fan a declaración da renda, no caso de seren pensionistas copia do xustificante anual da pensión ou pensións).
- b) Do mesmo modo se existen dificultades técnicas que impidan ou dificulten a cesión dos datos por parte das administracións tributarias, requirirase a persoa solicitante a presentación do certificado resumo da declaración anual dos imposto da renda das persoas físicas ou o certificado de imputacións, de ser o caso, dos membros computables da súa familia.

c) No caso de estudiantado estranxeiro:

- Se son nacionais dun Estado membro da Unión Europea teñen que ter a condición de residentes permanentes ou acrediten ser traballadores por conta propia ou allea.
- Se son estranxeiros non comunitarios: ser residentes segundo o disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. As persoas solicitantes estranxeiras non comunitarias terán que acreditar a condición de residentes legais na data en que expire o prazo de presentación de solicitudes.
- Quedan excluídos de seren beneficiarios destas bolsas quen se atope en situación de estancia ou residencia por estudos de acordo co disposto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

De selo caso deberase achegar tamén:

- Copia da sentenza de separación ou divorcio e convenio regulador.
- Xustificación de viuvez, soltaría, separación ou divorcio do pai/hai do/a solicitante.
- Xustificante de orfandade absoluta do/da solicitante.
- Copia da acta de constitución de sociedades e do imposto de sociedades.
- Copia do Libro de Familia Numerosa

Para os solicitantes de bolsas do Ministerio de Educación e Formación Profesional, non se resolverá a súa bolsa de aloxamento, ate saber se lle conceden ou non o *compoñente de residencia na bolsa do Ministerio*.

ANEXO III

BAREMOS PARA A AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA

A puntuación total será a suma das puntuacións académica e económica obtida consonte aos seguintes criterios:

A) Puntuación académica

Para estudantes que inician estudos universitarios a puntuación académica será a cualificación obtida na ABAU, excluindo a nota da fase específica.

No caso de que se acceda á Universidade sen ABAU a puntuación académica será a media do expediente dos estudos que lle dan acceso á universidade.

Para o resto do estudantado de grao e máster universitario oficial a puntuación académica será a nota media calculada consonte ao especificado no Anexo I desta convocatoria.

Para o estudantado de doutoramento a puntuación académica virá dada pola nota media obtida nos seus estudos de licenciatura/grao ou máster, conforme ao establecido no parágrafo anterior.

B) Puntuación económica

A puntuación económica outorgarase en función da Renda Persoal Dispoñible definida como a Renda familiar da persoa solicitante, calculada segundo establece o Real Decreto 951/2018 do 27 de xullo polo que se establecen os límites de renda e patrimonio familiar e as contías de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2018/2019, así como a convocatoria de bolsas de carácter xeral para o curso 2018-2019 do Ministerio de Educación e Formación Profesional (Resolución da Secretaría de Estado de Educación e Formación Profesional (BOE núm. 198 do 16 de agosto de 2018) dividida polo número de membros da unidade familiar.

A equivalencia será a seguinte:

RENDA PERSOAL DISPOÑIBLE (RPD)	PUNTOS
Por debaixo de 3.771 euros	4
Entre 3.771,00 e 4.822,66 euros	3,6
Entre 4.822,67 e 5.874,33 euros	3,2
Entre 5.874,34 e 6.926,00 euros	2,8
Entre 6.926,01 e 7.977,67 euros	2,4
Entre 7.977,68 e 9.029,34 euros	2
Entre 9.029,35 e 10.081,01 euros	1,6
Entre 10.081,02 e 11.132,68 euros	1,2
Entre 11.132,69 e 12.184,35 euros	0,8
Entre 12.184,36 e 13.236,00 euros	0,4
Superior a 13.236,00 euros	0

En ningún caso se poderá ser adxudicatario/a desta bolsa cando a RPD sexa superior a 13 500€.

A Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria poderá conceder unha puntuación adicional de entre 0 e 4 puntos ás persoas solicitantes de acordo co seu grao de discapacidade e as súas implicacións para a mobilidade e o desenvolvemento das actividades cotiás. Esta puntuación sumarase á obtida de acordo co seguinte baremo:

Grao de discapacidade 33%: 1 punto

Grao de discapacidade entre o 34% e o 50%: 2 puntos

Grao de discapacidade entre o 51% e o 75%: 3 puntos

Grao de discapacidade superior ao 75%: 4 puntos

MEMBROS COMPUTABLES

1.- Para o cálculo da renda familiar a efectos desta convocatoria, serán membros computables os pais ou, no seus caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, quen terán a consideración de sustentadores principais da familia. Tamén serán membros computables o solicitante, os irmáns solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31.12.2017 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os/as ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

2.- No caso de divorcio ou separación legal ou de feito dos pais non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co solicitante de bolsa. Non obstante, no seu caso, terá a consideración de membro computable e sustentador principal o novo cónxuxe, parella, rexistrada ou non, ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio incluíranse dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares. Ademais terá a consideración de membro computable a persoa con ingresos propios, que, na referida data conviva no domicilio co solicitante cando non medie relación de parentesco e non se poda xustificar un aluguer de piso compartido.

Cando o réxime de custodia dos fillos sexa o de custodia compartida consideraranse membros computables o pai e a nai do solicitante, os fillos comúns e os ascendentes do pai ou da nai que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores co certificado municipal correspondente.

3.- Nos supostos en que o solicitante da bolsa ou axuda sexa un menor en situación de acollemento será de aplicación a familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores. Cando se trate dun maior de idade terá a consideración de non integrado na unidade familiar para estes efectos, sempre e cando de feito non subsistan as circunstancias de integración coa familia de acollida e así se acredite debidamente.

A ocultación ou falseamento dos datos declarados implicará a perda da bolsa. A UDC poderá determinar que se da ocultación ou falseamento por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera outro órgano das administracións públicas.

A UDC tamén poderá denegar esta bolsa ou proceder a súa revogación no caso de se detectaren unidades familiares que xustifiquen uns ingresos que obxectivamente estean por debaixo do seu nivel de gastos si non acreditan os medios de vida cos que contan. Ou se estime que se xustifican uns ingresos que están por debaixo do nivel de gastos da unidade familiar, en función da documentación presentada e outros signos externos.

A ocultación de rendas tanto sexan de traballo por conta propia ou allea, de pensións, exercicio de profesións liberais, en explotación agropecuarias, industriais ou comerciais, capital mobiliario ou inmobiliarios ou outros elementos patrimoniais, darán lugar a denegación da axuda solicitada, a modificar a resolución da concesión e acordar o reintegro, sen prexuízo doutras actuacións as que houber lugar.

A Coruña, 13 de decembro de 2018

O reitor,

Julio E. Abalde Alonso